



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA  
SERVICIO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO  
SECCIÓN DE CONTROL I  
NEGOCIADO DE PERSOAL

**Número do expediente:** 2025000037985

**Asunto:** Aprobación da relación de postos de traballo (RPT), cadro de persoal e organigrama

**Período:** 2026

**Unidade xestora:** Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

## **INFORME DE FISCALIZACIÓN DE CONFORMIDADE**

### **I. ANTECEDENTES:**

- Os informes e propostas que constan no expediente referido así como nos expedientes relacionados.

### **II. LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Constitución Española de 1978 (CE)
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL)
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLHL)
- Real decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local (TRLRL)
- Real decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG)
- Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable (LES)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPAC)



- Real decreto 861/1986, polo que se regula o réxime retributivo dos funcionarios de Administración Local (RFAL)
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, Regulamento xeral de ingreso do persoal da Administración xeral do Estado (RIPE)
- Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RJFHN)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (RXCIL)

### III. CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

#### 1.- Límites ao gasto non financeiro recollidos na LOEP

A LOEP establece que as políticas de gastos públicos deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Engadindo que calquera actuación administrativa que afecte os gastos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e financeira.

Na Comunicación da Comisión Europea ao Consello de 8 de marzo de 2023, apartado 5, se establece a retirada da cláusula xeral de salvagarda a partires de finais de 2023. En consecuencia, as regras fiscais aplicables ás Administracións Públicas españolas quedan reactivadas, estando estas obrigadas ao seu cumprimento.

#### 2.- Ausencia de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026

O proceso de elaboración do proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado (PGE) para 2026 comezou o 3 de setembro de 2025 coa publicación da orde ministerial que establece as normas para a elaboración dos PGE de 2026, pero aínda non está aprobada a lei. A ausencia da mesma non permite coñecer cales van a ser os límites aplicables á variación da plantilla e das RPT na Administración Local.

#### 3.- Modificacións da RPT para adaptalos a certas esixencias funcionais

O artigo 74 do TREBEP dispón que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo (RPT) ou outros instrumentos organizativos semellantes que comprenderán polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, aos que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

O artigo 38 da LEPG establece que a relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei; engadindo no seu apartado 4 que as relacións de postos



de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: (...) e) *O complemento retributivo do posto* (...). E precisando o artigo 137.2 a) que forma parte das retribucións complementarias o *complemento de carreira* e segundo o disposto na disposición transitoria oitava desa lei namentres non se desenvolva regulamentariamente o sistema de carreira horizontal, o persoal funcionario de carreira seguirá tendo un grao persoal que corresponderá a un dos trinta niveis nos que se clasifiquen os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas ao mesmo, que figurarán nas relacións de postos de traballo e serán iguais para todos o postos do mesmo nivel.

O artigo 211 desa lei establece que a contía global das retribucións complementarias do persoal ao servizo das entidades locais será fixada polo pleno de cada corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen pola normativa estatal aplicable.

Pola súa banda, o artigo 4.2 do Real decreto 861/1986 indica que o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

O artigo 3 do Real decreto 861/1986 indica que os intervalos dos niveis dos postos de traballo dos funcionarios da Administración local serán os que en cada intre se fixen para os funcionarios da Administración do Estado e dentro dos límites máximos e mínimos sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada postos de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos nos que está situado o posto. Polo que resulta de aplicación o previsto no artigo 71 do Real decreto 364/1995 no que se fixan os niveis mínimos e máximos dos intervalos de niveis dos postos de traballo que corresponden a cada Corpo ou Escala segundo o Grupo no que figuran clasificados.

Para a determinación dos niveis dos complementos de destino dos postos de traballo desta Deputación, e a súa modificación nalgúns casos, aprobouse e aplicouse, previa negociación cos representante do persoal provincial, un manual de valoración, táboa de puntos por factor e grao, que tenta de valorar os criterios legais previstos no Real decreto 861/1986.

O artigo 4.2 do Real decreto 861/1986 indica que o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade.

Para a determinación dese concepto retributivo para os postos de nova creación, se están a utilizar os factores previstos legalmente que están recollidos no vixente manual de valoración do complemento específico que foi obxecto no seu día da correspondente negociación cos representantes do persoal e aprobación pola Corporación provincial.

O artigo 35.1 i) da LPAC establece que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtudes de disposición legal ou regulamentaria expresa. Engadindo o seu artigo 48.1 que son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.



#### **4.- Adscripción provisional dos funcionarios que están a desempeñar os seus postos e que son transformados a outros distintos**

O artigo 97 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG), dispón que:

“1. El personal funcionario de carrera que cese en un puesto de trabajo sin obtener otro por los procedimientos ordinarios de provisión previstos en este capítulo quedará a disposición del órgano competente en materia de personal de la Administración pública en la que esté destinado, quien procederá a su adscripción provisional a un puesto de trabajo correspondiente a su cuerpo o escala en la misma localidad del puesto que haya ocupado con carácter definitivo y con efectos del día siguiente a la fecha del cese.

(...)

3. Se garantiza al personal funcionario de carrera afectado por lo previsto en este artículo, en todo caso, las retribuciones que le correspondan por el grado de progresión que se haya alcanzado en la carrera profesional. Asimismo, el personal funcionario que cese en un puesto de trabajo provisto por libre designación o por supresión del puesto que haya ocupado con carácter definitivo o por alteración del contenido del mismo en la relación de puestos de trabajo, o que sea removido de un puesto provisto por concurso, mientras no obtenga otro puesto con carácter definitivo por los procedimientos ordinarios de provisión previstos en este capítulo y durante un plazo máximo de tres meses, percibirá las retribuciones complementarias correspondientes al puesto que haya ocupado con carácter definitivo.

4. En todo caso, para el desempeño en adscripción provisional de un puesto de trabajo, el personal funcionario de carrera debe pertenecer al cuerpo o escala y reunir los demás requisitos que establezca la correspondiente relación de puestos de trabajo.”

O artigo 63. Adscripción provisional, do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, Regulamento xeral de ingreso do persoal da Administración xeral do Estado indica:

“Los puestos de trabajo podrán proveerse por medio de adscripción provisional únicamente en los siguientes supuestos:

- a) Remoción o cese en un puesto de trabajo obtenido por concurso o libre designación con arreglo a lo dispuesto en los artículos 50.5 y 58.
- b) Supresión del puesto de trabajo, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72.3 de este Reglamento.
- c) Reingreso al servicio activo de los funcionarios sin reserva de puesto de trabajo, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 62.2 de este Reglamento.”

Pola súa banda, o artigo 72 recolle no seu apartado 2 o seguinte:

“2. Los puestos cubiertos mediante adscripción provisional se convocarán para su cobertura con carácter definitivo por los sistemas previstos en las relaciones de puestos de trabajo. Los funcionarios que los desempeñen tendrán la obligación de participar en las correspondientes convocatorias”.

No caso de que finalmente, a persoa funcionaria non obtivese destino definitivo, atribuíráselle o desempeño provisional doutro posto de traballo coas garantías e condicións xa descritas, dado o carácter da inamovilidad dos funcionarios e o seu dereito ao cargo.



## 5.- Desglose das modificacións da RPT

A modificación proposta da Relación dos posto de traballo inclúe algúns cambios que **non supoñen custo económico**, aínda que nalgúns casos si orzamentario, tales como:

- Adscribir un Técnico/a medio de redes sociais con código 1.1.421.1 procedente da Sección de información e actas á Sección de Prensa.
- Establecer a dependencia do Servizo de Patrimonio e contratación directamente da Secretaría Xeral.
- Cambiar a denominación da Xefatura de sección de información e actas pola de: Xefatura de sección de información e actividade corporativa.
- Cambiar a denominación da Xefatura de negociado I da Sección de información e actividade corporativa pola de: Xefatura de Negociado de rexistro e actividade corporativa.
- Cambiar a adscripción de 4 postos de subalterno con códigos 1.1.11.7, 1.1.11.8, 1.1.11.25 e 1.1.11.26 que pasan a depender da Vicetesoraría.
- Cambiar a adscripción de dous postos de Técnico superior da Unión Europea con códigos 1.1.46.1 e 1.1.46.3 de Secretaria Xeral ao Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición tecnolóxica.
- Modificar as funcións do posto de Técnico/a de normalización lingüística.
- Distinguir na relación de postos de traballo e no organigrama ao persoal de preimpresión e impresión.
- Adscribir á nova Sección IV do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro a Xefatura de departamento con código de posto 1.1.456.1 e a Xefatura de negociado con código de posto 1.1.323.1.
- Modificar as funcións dos postos: Enxeñeiro/a técnico/a en topografía, Auxiliar técnico/a en topografía e Delineante no Catálogo de funcións segundo a proposta do servizo de Vías e obras.
- Adscribir un posto de Operario/a de servizos con código 1.1.336.1 ao Servizo de Arquitectura e Mantemento procedente do Centro residencial cultural Pazo de Mariñán.
- Cambiar a denominación do Servizo de desenvolvemento territorial e transición ecolóxica polo de Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica.
- Adscribir ao Servizo a Xefatura de sección de promoción económica e emprego, a Xefatura de negociado de promoción económica, o Técnico/a de administración xeral, o administrativo/a e o/a auxiliar de administración xeral.
- Cambiar a denominación da Xefatura de sección de promoción económica e emprego polo de Xefatura de sección de sectores produtivos, mar e medio rural.
- Cambiar a denominación da Xefatura de sección de coordinación de proxectos técnicos por Sección de desenvolvemento territorial e coordinación de proxectos.
- Cambiar a denominación da Xefatura de sección de desenvolvemento territorial, cooperación e medio ambiente pola de Xefatura de sección de transición ecolóxica e cooperación.



- Cambiar a denominación da Xefatura de servizo de promoción económica, turismo e emprego polo de Xefatura de servizo de promoción e desenvolvemento turístico.
- Cambiar a denominación da Xefatura de sección de promoción e desenvolvemento turístico polo de Xefatura de sección de promoción turística.
- Adscribir a Sección de deportes ao Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade cambiando a denominación da sección e do negociado por deportes e mocidade.
- Cambiar a denominación do Servizo de acción social, cultural e deportes polo de Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís.
- Suprimir a condición A3 no posto de Xefatura de servizo de asistencia técnica a concellos.
- Declarar “a transformar” o posto de Gobernante/a do Pazo de Mariñán.
- Suprimir a condición A3 no posto de Bibliotecario/a.
- Cambiar a denominación do Servizo de planificación e xestión de recursos humanos pola de Servizo de recursos humanos.
- Adscribir a Sección de prevención de riscos laborais ao Servizo de recursos humanos.
- Modificar a denominación das Xefaturas de departamento de Seguridade Social por Xefatura de departamento I e II do Servizo de recursos humanos.
- Aprobar as funcións do Técnico/a de protección de datos.

E outros cambios que si teñen **efectos económicos**:

- Amortizar unha praza e posto de Subalterno, código de posto 1.1.11.34.
- Transformar unha praza e posto de Oficial de imprenta (preimpresión) con código de posto 1.1.377.12, administración especial, grupo B, nivel 21, nunha praza e posto de Oficial de imprenta deseñador gráfico.
- Crear unha praza e posto de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, nivel 22, na sección I do Servizo de Patrimonio e Contratación.
- Crear unha praza e posto de Secretario/a-Interventor/a, escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, subescala secretaría-intervención, subgrupo A1, nivel 30, forma de provisión: libre designación.
- Crear unha Xefatura de sección IV (Contratos e plans), administración xeral/especial, subgrupos A1/A2 e praza asociada de Técnico/a de administración xeral no Servizo de Fiscalización e Control Financeiro.
- Transformar unha praza e posto de administrativo de administración xeral do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, subgrupo C1, nivel 20 con código de posto 1.1.15.182, vacante, nunha praza e posto de Técnico de xestión de administración xeral, subgrupo A2, nivel 22.
- Crear unha praza e posto de Asesor/a técnico/a, administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grado medio, subgrupo A2, nivel 22 no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos.
- Crear unha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grao medio, subgrupo A2, nivel 22 en Tesourería.



- Transformar unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, grupo B, nivel 21 (código de posto 1.1.431.2) nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22 no Servizo de recadación.
- Transformar un posto de oficial 2ª de recadación nivel 19 con código de posto 1.1.385.2 e praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1 nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22 con atención continua ao contribuínte e condución habitual, con efectos á xubilación do seu ocupante actual, na Zona recadatoria 1.
- Transformar un posto de oficial 2ª de recadación nivel 19 con código de posto 1.1.385.19 e praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1 nunha praza e posto de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2, nivel 22 con atención continua ao contribuínte e condución habitual, na Zona recadatoria 4.
- Transformar tres postos de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 (códigos de posto 1.1.15.67, 1.1.15.148 e 1.1.15.153) en tres postos de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupo B/C1, nivel 22 no Servizo de Xestión Tributaria.
- Transformar un posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subgrupo A2, nivel 22 (código de posto 1.1.33.8) nunha Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24 no Servizo de Xestión Tributaria.
- Transformar un posto de Técnico/a de xestión tributaria, administración especial, subgrupo A2, nivel 22 (código de posto 1.1.33.11) con atención continua ao contribuínte nunha Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24 con atención continua ao contribuínte no Servizo de Xestión Tributaria.
- Amortizar unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, grupo B, nivel 21 (código de posto 1.1.431.5) no Servizo de Xestión Tributaria.
- Transformar un posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 con código de posto 1.1.15.49 e a súa praza asociada nun posto de Xefatura de departamento, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24 e praza asociada de Técnico/a de administración xeral no Servizo de Asistencia Técnica a Concellos.
- Transformar un posto de Técnico/a de infraestruturas con código 1.1.430.4 e a súa praza asociada, de administración especial, subgrupo A2, nivel 22 nun posto de Auxiliar técnico de vías e obras, administración especial, grupo B/C1, nivel 21 e praza de Auxiliar técnico en infraestruturas e conservación, subgrupo C1, no Servizo de Vías e Obras.
- Transformar a Xefatura de negociado de promoción económica con código 1.1.220.1, grupos B/C1, administración xeral/especial, nivel 22 nunha Xefatura de departamento de sectores produtivos, mar e medio rural, subgrupos A1/A2/C1, administración xeral/especial, nivel 24.
- Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.3 nunha Xefatura de departamento de transición ecolóxica e cooperación, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24.



- Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.4 nunha Xefatura de departamento de desenvolvemento territorial e coordinación de proxectos, subgrupos A1/A2/B, administración xeral/especial, nivel 24.
- Transformar un posto de Técnico/a de xestión de proxectos con código 1.1.70.7 nunha Xefatura de sección de PEL/Emprego, subgrupos A1/A2, administración xeral/especial, nivel 25.
- Transformar dous postos de Técnico/a superior de Unión Europea con códigos 1.1.46.1 e 1.1.46.3 en dous postos de Técnico/a de xestión de proxectos, administración especial, subgrupo A1, nivel 24, e adscribilos ao servizo.
- Suprimir o factor coordinación ao Técnico de xestión de proxectos con código de posto 1.1.70.2.
- Transformar un Técnico/a de turismo, código de posto 1.1.432.1, nunha Xefatura de sección de desenvolvemento turístico subgrupos A1/A2, administración xeral/especial, nivel 25.
- Crear unha praza e posto de Técnico/a de turismo, administración especial, subescala técnica, clase técnicos de grao medio, subgrupo A2, nivel 22.
- Crear unha Xefatura de servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, administración xeral/especial, subgrupo A1, nivel 29 e praza asociada de Técnico/a de administración xeral, aberto a outras administracións (A3).
- Crear unha Xefatura de sección de educación e centros, administración xeral/especial, subgrupo A1/A2, nivel 25, e praza asociada de Técnico/a de administración xeral.
- Crear unha praza e posto de Técnico/a especialista en xestión, administración especial, subescala técnica, grupo B, nivel 21 con dependencia da Xefatura de servizo.
- Transformar un posto de Técnico/a de políticas de igualdade con código 1.1.209.1 nunha Xefatura de sección de igualdade e dereitos civís, administración xeral/especial, subgrupo A1/A2, nivel 25.
- Transformar un posto de Telefonista (código 1.1.118.5, praza vinculada 1.1.5.24) do IES Rosalía Mera nunha praza e posto de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, nivel 20 adscrito ao Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís.
- Crear unha praza e posto de Camareiro/a no Pazo de Mariñán.
- Incluír o factor de coordinación a dous postos de camareiro/a (con códigos 1.1.130.5 e 1.1.130.1) e a un de cociñeiro/a (código de posto 1.1.125.16) no Pazo de Mariñán.
- Transformar a praza e posto de Subgobernante/a con código 1.1.116.1, administración especial, subescala de servizos especiais, praza de cometidos especiais, subgrupo C2, nunha praza e posto de Camareiro/a, administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios, agrupación profesional, nivel 14.
- Transformar dúas prazas e postos de Auxiliar educador/a, administración especial, subgrupo C2 nivel 17, códigos de posto 1.1.173.17 e 1.1.173.40, e unha praza e posto de celador/a, administración especial, agrupación profesional, nivel 14, código de posto 1.1.120.51, en tres prazas e postos de Educador/a Infantil, administración especial, grupo B, nivel 21 no Fogar Infantil Emilio Romay.
- Incluír condución e limitación en flexibilidade e conciliación nos postos de titor/a e titor/a de garda no Fogar Infantil Emilio Romay.



- Modificar o grupo de clasificación do posto de Director/a pasando a ser A1/A2, administración xeral/especial do Centro de día de Menores de Ferrol.
- Incluír atención ao público ao posto de Xefatura de departamento con código 1.1.428.1 na Biblioteca.
- Transformar o posto de administrativo/a de administración xeral con código 1.1.15.171 nun posto de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupos B/C1, nivel 22 no Servizo de recursos humanos.
- Crear un posto de Xefatura de negociado, administración xeral/especial, grupos B/C1, nivel 22, praza asociada de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1 no Servizo de recursos humanos.
- Adscribir o posto de Técnico/a de organización con código 1.1.42.1 do Servizo de Organización, transformándoo nunha Xefatura de Departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24, na sección de asistencia informática no Servizo de informática e administración electrónica.
- Crear un posto de Técnico/a de protección de datos, administración xeral/especial, subgrupo A1, nivel 24 e praza asociada de Técnico de administración xeral, na sección de seguridade da información no Servizo de informática e administración electrónica.
- Transformar a praza e o posto de Analista técnico/a con código 1.1.90.14 nun Técnico superior en informática, administración especial, subgrupo A1, nivel 24.
- Transformar o posto de Asesor/a técnico/a con código 1.1.289.6 nun posto de Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24.
- Transformar o posto de analista programador/a con código 1.1.290.17 nun posto de Xefatura de departamento, administración xeral/especial, subgrupos A1/A2/B, nivel 24 do Servizo de Sistemas e Soporte.

## 6.- Importe das modificacións propostas

O importe total das modificacións propostas ascende a **692.320,52 €** tal e como se recolle no cadro que se indica a continuación.

Por este servizo comprobase que o importe individual de cada unha das modificacións así como o importe total é correcto, en base ás retribucións actuais do soldo correspondente a cada grupo e subgrupo e o complemento de destino de cada posto.

Achégase ao expediente ANEXO co desglose dos importes por servizos/unidades.

| PROPOSTA RPT 2026                                                                   | CUSTO      |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| <b>SERVIZOS INTERNOS</b>                                                            |            |
| Amortizar 1 Subalterno 1.1.11.34                                                    | -26.472,44 |
| <b>IMPRESA PROVINCIAL</b>                                                           |            |
| Transformar 1 oficial de imprenta 1.1.377.12 nun Oficial imprenta deseñador gráfico | 359,60     |
| <b>SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN</b>                                         |            |
| Crear 1 Técnico de xestión de administración xeral_A2                               | 41.188,42  |
| <b>INTERVENCIÓN XERAL</b>                                                           |            |
| Crear 1 Secretario-Interventor                                                      | 79.464,65  |



| SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO                                                                                                                                  |            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Crear 1 Xefatura de sección de Fiscalización (contratos e plans)                                                                                                               | 55.799,01  |
| Transformar 1 administrativo 1.1.15.182 nun Técnico de xestión de administración xeral                                                                                         | 7.611,42   |
| SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA                                                                                                                                   |            |
| Crear 1 asesor técnico                                                                                                                                                         | 42.130,74  |
| TESOURERÍA                                                                                                                                                                     |            |
| Crear 1 Técnico de xestión tributaria                                                                                                                                          | 43.072,96  |
| SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA                                                                                                                                                  |            |
| Transformar 3 postos de administrativo 1.1.15.67, 1.1.15.148, 1.1.15.153 en 3 Xefaturas de negociado                                                                           | 24.399,69  |
| Transformar 1 Técnico de xestión tributaria 1.1.33.8 nunha Xefatura de departamento                                                                                            | 5.949,78   |
| Transformar 1 Técnico de xestión tributaria con atención continua contribuínte 1.1.33.11 nunha Xefatura de departamento c at. cont. contrib                                    | 5.949,78   |
| Amortizar 1 Técnico especialista en xestión 1.1.431.5                                                                                                                          | -38.695,52 |
| SERVIZO DE RECADACIÓN                                                                                                                                                          |            |
| Transformar 1 Técnico especialista en xestión 1.1.431.2 nun Técnico de xestión tributaria                                                                                      | 2.492,90   |
| ZONA RECADATORIA 1                                                                                                                                                             |            |
| Transformar 1 Oficial 2ª de recadación 1.1.385.2 con efectos á xubilación do seu ocupante actual, nun Técnico de xestión tributaria( c/ at. Cont contrib e condución habitual) | 1.573,38   |
| ZONA RECADATORIA 4                                                                                                                                                             |            |
| Transformar 1 Oficial 2ª de recadación 1.1.385.19 nun Técnico de xestión tributaria( c/ at. Cont contrib e condución habitual)                                                 | 1.573,38   |
| SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS                                                                                                                                      |            |
| Transformar 1 administrativo 1.1.15.49 nunha Xefatura de departamento                                                                                                          | 15.690,26  |
| SERVIZO DE VÍAS E OBRAS                                                                                                                                                        |            |
| Transformar un Técnico en infraestruturas (A2) 1.1.430.4 nun Auxiliar técnico de vías e obras (C1)                                                                             | -5.009,94  |
| SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA / D.T. SECTORES PRODUTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN ECOLÓXICA                                              |            |
| Transformar 1 Xefatura de negociado 1.1.220.1 nunha Xefatura de Departamento                                                                                                   | 1.795,15   |
| Transformar 2 Técnicos de xestión proxectos 1.1.70.3, 1.1.70.4 en 2 Xefaturas de departamento                                                                                  | 6.782,98   |
| Transformar 1 Técnico de xestión de proxectos 1.1.70.7 nunha Xefatura de sección                                                                                               | 9.923,24   |
| Equiparar o posto 1.1.70.2 cos restantes Técnicos de proxectos                                                                                                                 | -1.695,74  |
| Adscribir ao servizo 2 Técnicos superiores de Unión Europea 1.1.46.1, 1.1.46.3 transformándoos en Técnicos de xestión de proxectos                                             | 1.130,50   |



|                                                                                                     |                   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO / PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO</b>    |                   |
| Transformar 1 Técnico de xestión de turismo 1.1.432.1 nunha Xefatura de sección                     | 13.621,41         |
| Crear 1 Técnico de turismo                                                                          | 42.177,60         |
| <b>SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES / ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE</b> |                   |
| Crear 1 Xefatura de servizo de acción social, educación, deportes e mocidade                        | 74.110,11         |
| Crear 1 Xefatura de sección de educación e centros                                                  | 55.799,01         |
| Crear 1 Técnico especialista en xestión, grupo B                                                    | 38.695,52         |
| <b>SERVIZO DE CULTURA, IGUALDADE E DEREITOS CIVÍS</b>                                               |                   |
| Transformar un posto de Técnico de igualdade 1.1.209.1 nunha Xefatura de sección                    | 8.839,77          |
| Transformar un Telefonista do IES Rosalía Mera 1.1.118.5 nun administrativo de AX                   | 3.694,13          |
| <b>PAZO DE MARIÑÁN</b>                                                                              |                   |
| Engadir "coordinación" a un posto de Cociñeiro                                                      | 2.289,26          |
| Engadir "coordinación" a dous postos de Camareiro                                                   | 6.104,68          |
| Crear 1 praza e posto de Camareiro                                                                  | 28.281,18         |
| Transformar un posto de Subgobernanta 1.1.116.1 nun posto de Camareiro/a                            | -3.029,48         |
| <b>FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY</b>                                                                  |                   |
| Transformar 2 postos de auxiliar educador 1.1.173.17 e 1.1.173.40 en Educador infantil              | 16.804,50         |
| Transformar 1 posto de celador/a 1.1.120.51 en Educador infantil                                    | 10.376,69         |
| <b>BIBLIOTECA</b>                                                                                   |                   |
| Incluír atención continua ao público ao posto Xefatura de dpto. 1.1.428.1                           | 942,27            |
| <b>SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS</b>                                                                  |                   |
| Crear 1 Xefatura de negociado                                                                       | 43.662,03         |
| Transformar 1 administrativo 1.1.15.171 nunha Xefatura de negociado                                 | 8.133,23          |
| <b>SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA</b>                                          |                   |
| Transformar 1 Analista técnico 1.1.90.14 en Técnico superior en informática                         | 4.495,65          |
| Transformar 1 Técnico de organización 1.1.42.1 en Xefatura de departamento                          | 2.779,39          |
| Crear un 1 Técnico de protección de datos                                                           | 45.875,71         |
| Transformar 1 Asesor técnico 1.1.289.6 en Xefatura de departamento                                  | 5.949,73          |
| <b>SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE</b>                                                                |                   |
| Transformar 1 Analista programador 1.1.290.17 en Xefatura de departamento                           | 7.703,93          |
| <b>TOTAL</b>                                                                                        | <b>692.320,52</b> |



## **7.- Negociación colectiva da modificación da RPT**

Consta no expediente que esta modificación foi obxecto de negociación colectiva na Mesa xeral de empregados públicos en cumprimento do previsto no artigo 37 do TREBEP.

## **8.- Perfis formativos de cada posto de traballo**

A fin de dar cumprimento ao disposto nos artigos 73 e 74 do TREBEP e artigo 46 LEPG deberíase considerar a conveniencia de agrupar o máximo posible os postos de traballo en función das súas características para ordenar a selección, a formación e mobilidade. Seguindo os antecedentes fixados pola Administración Xeral do Estado na Orde Ministerial de 2 de decembro de 1988 (BOE do 8 de decembro), deberíase completar no futuro máis inmediato a Relación de Postos de Traballo coa determinación dos requisitos esixidos: formación específica, habilidades e capacidades que constitúen as condicións particulares necesarias polo contido ou o desempeño do posto. Entendemos que esta caracterización é dunha importancia estratéxica para a organización provincial para posibilitar a progresión na carreira profesional, a promoción interna e a identificación das necesidades formativas previstas nos artigos 71.h) e 75 e seguintes da LEPG e artigos 14 g) e 16 e seguintes do TREBEP.

## **9.- Procedemento e órgano competente**

Polo que se refire ao órgano competente para aprobar a relación de postos e ao procedemento a seguir na súa tramitación, remítese ao informe do secretario para evitar reiteracións innecesarias.

## **IV. CONSIDERACIÓNS**

1. Non consta que se levaran a cabo as actuacións necesarias para adecuar a totalidade dos factores do complemento específico dos postos de traballo de Secretario, Interventor e Tesoureiro ás consideracións recollidas na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de A Coruña de 16/09/2019, recaída no recurso PA 72/2019 sobre a Relación de Postos de Traballo 2019. Por razóns de seguridade xurídica debería procederse as actuacións oportunas a maior brevidade posible.
2. Ao non existir Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2026, a eficacia do acordo que se adopte debe quedar condicionado á aprobación desa Lei que permita a creación de novos postos de traballo, as adecuacións retributivas que resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo e o consecuente incremento da masa salarial para ese exercicio. Xa que logo, non se realizará ningún acto de provisión definitiva, interina ou temporal dos mesmos ata que sexa efectiva a habilitación legal citada.



3. A valoración do posto de novo creación de Secretario/a-Interventor/a, escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, é moi semellante a que foi aprobada no seu día polo Consorcio para ese mesmo posto, empregando a metodoloxía, criterios, factores e manual de valoración que o que está a utilizar esta Deputación. A única diferenza está no subfactor I.A de nivel de dificultade que no caso desta Deputación se fixa no grao 9, que é un grao inferior ao aprobado polo Consorcio, polo que coidamos que neste caso non se precisa sometela ao estudo e informe da Comisión de valoración desta Deputación.
4. Seguimos a entender que a valoración do postos de novo creación, pero semellante a outros homónimos ou asimilados existentes na RPT e que foron obxecto da correspondente valoración, nos que concorren as mesmas condicións de desempeño (especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade), non precisan dun novo parecer da Comisión de valoración.
5. Os funcionarios que están a desempeñar postos de traballo que son obxecto de transformación terán de ser asignados provisionalmente a outros a partires da entrada en vigor desta nova RPT e nos termos previstos na lexislación de función pública de Galicia.
6. A proposta de transformar dúas prazas e postos de Auxiliar educador/a noutras prazas e postos de Educador/a Infantil no Fogar Infantil Emilio Romay está orfa da motivación esixida polo artigo 35.1 i) da LPAC en canto a cales son as razóns de que esa transformación só afecte a unha parte das prazas e postos de Auxiliar que hai nese centro e non se transformen as restantes.
7. Na proposta da unidade xestora constan algúns postos sen o código que lle corresponde e que deberían constar no acordo:
  - GABINETE DE PRESIDENCIA: Adscribir un Técnico/a medio de redes sociais procedente da Sección de información e actas á Sección de Prensa, código 1.1.421.1.
  - SECRETARÍA XERAL: Cambiar a adscripción de dous postos de Técnico superior da Unión Europea, códigos 1.1.46.1 e 1.1.46.3.
  - SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, SECTORES PRODUTIVOS, EMPREGO SOSTIBLE E TRANSICIÓN TECNOLÓXICA: Transformar a Xefatura de negociado de promoción económica, grupos B/C1, administración xeral/especial, nivel 22, código 1.1.220.1.
  - CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN: Transformar a praza e posto de Subgobernante/a, código 1.1.116.1.

## V. CONCLUSIÓNS

Tendo en conta os antecedentes, lexislación aplicable e consideracións expostas:

- a) Recoméndase tomar en consideración os principios de racionalidade e eficiencia na asignación do gasto público, tendo en conta a situación económica xeral e os



obxectivos de política económica, entre os que se atopa a contención dos gastos de persoal ao servizo do Sector Público.

- b) Á maior brevidade posible deberá procederse ás actuacións oportunas para adecuar a totalidade dos factores do complemento específico dos postos de traballo de Secretario, Interventor e Tesoureiro.
- c) Hai un risco dunha posible anulabilidade (artigo 48.1 da LPAC) do acto de aprobación da modificación da Relación dos postos de traballo 2026, debido a unha falta de motivación, esixida polo artigo 35.1 i) da LPAC, na proposta de transformar dúas prazas e postos de Auxiliar educador/a noutras prazas e postos de Educador/a Infantil no Fogar Infantil Emilio Romay sen que se indique cales son as razóns de que esa transformación só afecte a unha parte das prazas e postos de Auxiliar que hai nese centro e non se transformen as restantes.

O viceinterventor